

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 2 DE MARZO DE 2021

No despacho da Alcaldía do Concello de Cambre, ás nove horas do día dous de marzo de dous mil vinte e un, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese en sesión telemática, a través da plataforma Councilbox, a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo: don Juan González Leirós, dona Lúa Sanguñedo Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro, dona María Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei.

Faise constar que asisten tamén ao acto don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, incluídos na Área de Presidencia; dona María Carmen Pan Matos, concelleira con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, incluído na área de Presidencia; dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, incluído na área de Cultura, Deportes e Xuventude; e dona Patricia María Parceró Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, incluídos na área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria xeral dona María Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º. Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria do día 23 de febreiro de 2021

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 23 de febreiro de 2021 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito membros que a compoñen, aprobou o citado borrador.

2º. Boletíns e correspondencia

- Resolución da presidencia da excma Deputación Provincial da Coruña, Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego. Sección de Promoción Económica e Emprego Resolución de Presidencia pola que se avoca a competencia e se aproban as bases reguladoras do Programa de socorrismo dirixido a concellos de menos de 50.000 habitantes do interior da provincia da Coruña durante o exercicio 2021. (Boletín Oficial da Provincia número 35, do 23 de febreiro de 2021).
- Lei 6/2021, da Presidencia da Xunta de Galicia, do 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia. (Diario Oficial de Galicia número 38, do 25 de febreiro de 2021).
- Lei 7/2021, da Presidencia da Xunta de Galicia, do 17 de febreiro, de museos e outros centros museísticos de Galicia. (Diario Oficial de Galicia número 38, do 25 de febreiro de 2021).
- Resolución da excma. Deputación Provincial da Coruña, Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego. Sección de Promoción Económica e Emprego, pola que se aproban as bases

reguladoras do programa de subvencións dirixido a agrupacións, asociacións e asociacións de agrupacións de voluntarios de Protección Civil da provincia da Coruña, de concellos de menos de 50.000 habitantes para actividades 2021. (Boletín Oficial da Provincia número 38, do 26 de febreiro de 2021).

- Lei 8/2021, da Presidencia da Xunta de Galicia, do 25 de febreiro, de modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia. (Diario Oficial de Galicia número 39, do 26 de febreiro de 2021).

- Lei 9/2021, da Presidencia da Xunta de Galicia, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia. (Diario Oficial de Galicia número 39, do 26 de febreiro de 2021).

3º. Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local

Os presentes danse por informados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 19 ao día 25 de febreiro do ano que andamos, que comeza coa resolución da Alcaldía número 246/2021 e remata coa resolución da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos número 292/2021, segundo se relaciona a seguir:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
246/2021	19-02-2021	Recoñecemento de obrigas do XII concurso de escaparates de Nadal
247/2021	19-02-2021	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 23 de febreiro de 2021
248/2021	19-02-2021	Subvención para contratación dun/ha técnico /a de orientación laboral SPEG/2021
249/2021	19-02-2021	Conceder a axuda emerxencia social alimentación a MCOC por un período máximo de 18 meses, condicionado ao cumprimento do proxecto
250/2021	19-02-2021	Denegar a axuda alimentación básica e hixiene persoal a PGS por non estar debidamente xustificada a situación de necesidade
251/2021	19-02-2021	Denegar a axuda alimentación básica e hixiene persoal a CARL por non estar debidamente xustificada a situación de necesidade
252/2021	19-02-2021	Recoñecemento de obrigas do terceiro pago da subvención Consolida Cambre 2020
253/2021	19-02-2021	Licenza de primeira ocupación para a vivenda sita en Peiraio, Bribes propiedade de OAG e JDH
254/2021	19-02-2021	Solicitude de subvención ao abeiro da ORDE do 30 de decembro de 2020 pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de compensación Ambiental para o ano 2021, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida,



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		destinadas a entidades locais de Galicia
255/2021	19-02-2021	Solicitud subvención para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinadas a concellos de Galicia para o ano 2021
256/2021	19/02/2021	Nomeamento técnico xestión económico-financeira interino
257/2021	22-02-2021	Convocatoria da sesión ordinaria do Pleno municipal do día 25 de febreiro de 2021
258/2021	22-02-2021	Solicitud de axuda procedemento: mr701e -plan marco: mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2021-2022 mellora de camiños de acceso a parcelas agrícolas en Aldea de Arriba e O Cepal. Cambre
259/2021	22-02-2021	Programa de subvencións a concellos e outras entidades locais para contratar persoal técnico para a atención de museos e centros de interpretación, durante o ano 2021
260/2021	22-02-2021	Corrección erros Aixa
261/2021	22-02-2021	Incorporación de remanentes de 2020 al exercicio 2021. expte 5/2021
262/2021	23-02-2021	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 65.515,03 euros
263/2021	23-02-2021	Aprobación de facturas e recoñecemento e liquidación de obrigas por importe total de 27.263,63 euros
264/2021	23-02-2021	Aprobación nómina febrero 2021
265/2021	23-02-2021	Expediente de repoción da legalidade urbanística por construción de muro en finca sita en Picardos, Anceis con máis altura da debida
266/2021	23-02-2021	Reclamación costas Alberto Val
267/2021	23-02-2021	ACF 4/2019 do 14/09/2019 ao 26/12/2019
268/2021	24-02-2021	Aprazamento ou fraccionamento desta débeda tributaria, liquidación provisional complementaria do ICIO do expediente 2020/g003/00368 que ascende á cantidade de 15.332,56 €.
269/2021	24-02-2021	Conceder axuda recibo auga a ADCM por importe de 47,46 euros
270/2021	24-02-2021	Conceder a axuda vale de alimentos a CARG, por un período máximo de 18 meses condicionada ao cumprimento do proxecto
271/2021	24-02-2021	Conceder a axuda vale de alimentos a JLCB por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
272/2021	24-02-2021	Denegar a axuda emerxencia social farmacia a NSCS por non ser a vacina solicitada de importancia vital
273/2021	24-02-2021	Conceder a axuda vales de alimentos a LFD por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
274/2021	24-02-2021	Conceder a axuda recibo luz por importe de 23,11 euros e de auga por importe de 46,19 euros a MAML



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

275/2021	24-02-2021	Conceder a axuda recibo de auga a SBB por importe de 31,46 euros
276/2021	24-02-2021	Conceder a axuda para dous recibos de gas por importes de 124,38 e 73,07 euros e para recibo de auga por importe de 46,26 euros a MEG
277/2021	24-02-2021	Autorización prórroga comisión servizos al policía local de Cambre RMF
278/2021	24-02-2021	Aprobación de despesas dos gastos de Seguridade Social do mes de xaneiro de 2021, e recoñecemento e liquidación de cadansúas obrigas, e dos mandamentos de pago das retencións practicadas na nómina do mes de febreiro de 2021
279/2021	24-02-2021	Conceder a axuda recibos aluguer por importe total de 1200 euros e recibo de auga por importe de 68,76 euros a OAFIC
280/2021	24-02-2021	Programa de Atención Temperá. Orde do 11 de xaneiro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a prestación de servizos no marco da Rede galega de atención temperá, cofinanciadas parcialmente polo programa operativo FSE Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria para o ano 2021 (código de procedemento BS700A)
281/2021	25-02-2021	Denegación axuda recibo de luz a R.B.M.B. por non constituir a axuda solicitada unha solución axeitada ou non resolver de forma significativa a necesidade formulada
282/2021	25-02-2021	Modificación da Resolución 2124/2020. Convenio entre o Concello de Cambre e a Asociación de Nais e Pais Fendetesta do CEIP Wenceslao Fernández Flórez.
283/2021	25-02-2021	Concesión tarxeta estacionamento para persoas con discapacidade a J.C.R.F.
284/2021	25-02-2021	Resolución nomeamento auxiliar administrativo interino para Secretaría
292/2021	25-02-2021	Incorporación de remanentes núm.6

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal respecto de que as sesións da Xunta de Goberno Local se axustarán ao establecido para o Pleno, somete a votación ordinaria a declaración de urxencia das propostas en relación cos seguintes asuntos:

- Proposta de aprobación do Plan de Seguridade e Saúde, presentado pola empresa *Ocisat, S.L.* adxudataria da obra "Execución de desmonte e muro perimetral en Brexo" Expediente: 2020/C003/000005

- Proposta aprobación de expediente para o Proxecto básico e de execución de gradas cubertas e vestiarios para o campo de fútbol de Brexo, no lugar de Pousadoira 14, Cambre. Agosto 2020, obra incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 1/2019 por maior achega provincial, da Deputación Provincial da Coruña. Expediente : 2020/C003/000008

- Proposta de adxudicación do servizo de “Mediación e distribución entre os medios de comunicación social de campañas institucionais, publicitarias e de comunicación do Concello de Cambre”, a prol do licitador Reclam Publicidad, Marketing y Artes Gráficas, SAU., cun orzamento máximo para unha duración de 1 ano de contrato de 39.908,44 euros (IVE incluído). Expte: 2020/C004/000013

- Proposta de devolución da garantía definitiva á empresa *Iniciativas Deportivas y de Ocio Cambre, A.I.E.* adxudicataria do servizo de *Actividades físicas para a saúde en centros deportivos privados, promovidas polo Departamento de Deportes do Concello de Cambre.* Expediente 2015/C004/000012

- Proposta de devolución da garantía definitiva á empresa *Instalaciones Eléctricas Coruñesas, S.L. (INSTELEC).* adxudicataria do “*Servizo de mantemento de instalacións de iluminación municipal e dos centros dependentes do concello de Cambre*”. Expediente 2008/7-4 (2020/X999/000740)

sendo aprobada a urxencia da totalidade das propostas por unanimidade dos oito concelleiros que compoñen a Xunta de Goberno Local.

A) Proposta de aprobación do Plan de Seguridade e Saúde, presentado pola empresa *Ocisat, S.L.* adxudicataria da obra “Execución de desmonte e muro perimetral en Brexo” Expediente: 2020/C003/000005

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 26 de febreiro de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto o expediente de contratación incoado co número 2020/C003/000005 para a contratación da obra “Execución de desmonte e muro perimetral en Brexo”. Expediente: 2020/C003/000005

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de data 02 de febreiro de 2021 polo que se adxudicou a obra á empresa “*Ocisat, S.L.*” asinándose o correspondente contrato con data de 11 de febreiro de 2021.

Visto o plan de seguridade e saúde presentado pola empresa adxudicataria “*Ocisat, S.L.*” con rexistro de entrada no Concello de Cambre número 202199900001044 de fecha 26/02/2021, ao que achega o informe favorable emitido polo Coordinador de Seguridade e Saude, don Francisco Jesús Cobas Fernández, de GALLEGA DE COORDINACIONES S.L entidadae designada para a coordinación de seguridade e saúde da obra, de conformidade coa resolución de Alcaldía nº 2636/2018, de 20 de decembro, expediente de contrato menor 2018/C002/000462.

Visto o informe favorable emitido con data 26 de febreiro de 2021 pola Arquitecta Técnica Municipal, responsable do contrato.

Á vista do establecido para o efecto no artigo 7.2 do Real Decreto 1627/1997 do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo , e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Aprobar o plan de seguridade e saúde presentado pola empresa “Ocisat, S.L.” para a execución da obra denominada “Execución de desmonte e muro perimetral en Brexo”
Expte. 2020/C003/000005

Segundo: Notificar este acordo á empresa “Ocisat, S.L.” e a don Francisco Jesús Cobas Fernández, da entidade GALLEGA DE COORDINACIONES S.L, Coordinadora da Seguridade e Saúde da obra, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnaló directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que se poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que se estime procedente.

Terceiro: Notifíquese á Arquitecta Técnica Municipal, para a súa constancia e para os efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

B) Proposta aprobación de expediente para o Proxecto básico e de execución de gradas cubertas e vestiarios para o campo de fútbol de Brexo, no lugar de Pousadoira 14, Cambre. Agosto 2020, obra incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 1/2019 por maior achega provincial, da Deputación Provincial da Coruña. Expediente : 2020/C003/000008

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 1 de marzo de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data do 5 de setembro de 2019, o Pleno do Concello de Cambre aprobou participar na 2ª Fase do Plan Provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 1/2019, da Deputación Provincial da Coruña, aprobando así mesmo o proxecto da obra de “Proxecto básico e de execución de gradas cubertas e vestiarios para o campo de fútbol de Brexo, no lugar de Pousadoira 14, Cambre”, cun orzamento de 657.218,29 € IVE incluído, dos que 654.553,64 euros se financiarán pola Deputación Provincial da Coruña. No mesmo acordo, solicítase da Deputación Provincial a delegación neste concello da contratación e execución das obras incluídas neste Plan.

Consta o informe de viabilidade urbanística emitido con data 21 de agosto de 2019 polo arquitecto municipal, don José Ramón Díaz Barbeito, no que se recolle que o proxecto cumpre coa normativa de aplicación, e que, ao tratarse de obras a realizar nunha instalación de titularidade municipal e que non se encontra en ningún ámbito de afección, non é preciso para o seu desenvolvemento recabar autorización de ningunha outra administración que non sexa a municipal, ademais de que a súa implantación non contraven as determinacións vixentes para este tipo de solo e situación, polo que a construción se considera viable urbanísticamente.

Con data do 10 de outubro, recíbese procedente da Deputación provincial da Coruña un requirimento para a modificación do proxecto enviado e que afectan, entre outros aspectos, aos planos, estudo xeotécnico, e de seguridade e saúde.

O Pleno da Deputación Provincial da Coruña, en sesión ordinaria realizada o 20 de decembro de 2019, aprobou a Segunda e Derradeira Fase do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de competencia Municipal (Plan Único de Concellos”) POS + Adicional 1/2019 por maior achega provincial, no marco das súas bases reguladoras aprobadas polo Pleno da Deputación na sesión realizada o 28 de setembro de 2018 e publicadas no BOP nº 188 do 2 de outubro de 2018.

Con data do 26 de decembro de 2019 recíbese no Concello de Cambre a “Circular sobre a aprobación da 2ª e derradeira fase do POS + Adicional 1/2019 por maior achega provincial”. Dentro deste plan se atopa o proxecto antedito, se ben sometido á condición da presentación dun proxecto corrixido e aprobado, e da súa supervisión favorable. No mes de xaneiro de 2020 recíbese Circular sobre a aprobación definitiva da 2ª e derradeira fase do POS + Adicional 1/2019 por maior achega provincial, na que comunica que mediante resolución da Presidencia nº 2020/1791 do 22 de xaneiro considerouse definitivamente aprobada esta segunda e derradeira fase do Plan.

Efectuadas no proxecto orixinal diversas rectificacións solicitadas pola Deputación Provincial da Coruña trala emisión de informe desfavorable de supervisión do proxecto, e refundido o proxecto nun único documento, con data do 03/09/2020 asíñase polo arquitecto municipal, don José Ramón Díaz Barbeito, o proxecto denominado “Proxecto básico e de execución de gradas cubertas e vestiarios para o campo de fútbol de Brexo, no lugar de Pousadoira 14, Cambre. Agosto 2020”, cun orzamento base de licitación de 543.155,61 € sen IVE, 657.218,29 € IVE incluído. O proxecto foi aprobado por Resolución da Alcaldía núm, 1275/2020 do 7 de setembro, posteriormente ratificada polo Pleno municipal na sesión ordinaria celebrada o 24 de setembro de 2020.

Con data do 2 de novembro de 2020 recíbese no Concello de Cambre a Resolución da Presidencia da Deputación Provincial pola que se toma coñecemento da aprobación polo Concello de Cambre do proxecto modificado do investimento denominado “Gradas cubertas e vestiarios para o campo de fútbol de Brexo”, incluído na 2ª e derradeira Fase do POS + Adicional 1/2019, e se procede ao levantamento da condición á que estaba sometido e aprobación definitiva pola Deputación deste investimento incluído no citado plan. Nesta mesma Resolución se acorda notificar ao Concello de Cambre, para os efectos de que poida iniciar a contratación e execución deste investimento.

Con data do 7 de decembro de 2020 recíbese no Concello de Cambre notificación da Resolución do Presidente da Deputación Provincial da Coruña nº 2020/38960, pola que se concede de oficio unha prórroga ata o 30 de xuño de 2021 para adxudicación dos investimentos incluídos no POS + Adicional 1/2019 que estean pendentes de adxudicar.

Segundo consta na “Circular sobre a aprobación da 2ª e derradeira fase do POS + Adicional 1/2019 por maior achega provincial”, recibida o 26 de decembro de 2019, a contratación farase utilizando os pregos-tipo de cláusulas administrativas particulares aprobados polo Pleno da Deputación nas sesións realizadas os días 27 de abril e 25 de maio de 2018, cuxo texto íntegro foi publicado no BOP núm. 82, do 2 de maio de 2018 e no núm. 101 do 30 de maio de 2018, respectivamente, e na páxina web da Deputación: www.dacoruna.gal/contratacion/documentos. O concello deberá cubrir en cada expediente o correspondente cadro de características do contrato.

Cómpre ter en conta que a Deputación Provincial da Coruña aprobou novos pregos-tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación mediante procedemento aberto simplificado e simplificadísimo das obras comprendidas nos plans provinciais e outras obras provinciais, aprobados polo Pleno da Corporación Provincial en sesión do 27 de novembro de 2020, publicados no BOP núm. 207, do 3 de decembro de 2020.

O financiamento da obra é o seguinte:

Denominación	Deputación	Concello	Total
“Proxecto básico e de execución de gradas cubertas e vestiarios para o campo de fútbol de Brexo, no lugar de Pousadoira 14, Cambre. Agosto 2020”	654.553,64 €	2.664,65 €	657.218,29 €

Consta a acta de replanteo asinada polo arquitecto municipal don José Ramón Díaz Barbeito con data 29 de xaneiro de 2021.

Consta o documento de retención de crédito emitido o 18/02/2021 pola Intervención Municipal, con cargo á aplicación 342.62200 por importe total de 657.218,29 euros.

Consta o informe técnico de necesidade (denominado “Prescricións Técnicas”), elaborado polo arquitecto municipal don José Ramón Díaz Barbeito con data 27 de xaneiro de 2021, no que se propón como procedemento de adxudicación o procedemento aberto simplificado, rexéndose polo prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación mediante procedemento aberto simplificado (con pluralidade de criterios de adxudicación, con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática) das obras comprendidas nos plans provinciais e outras obras provinciais, da Deputación da Coruña, aprobados polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o 27 de novembro de 2020 (BOP núm. 207 do 3 de decembro de 2020).

Consta a providencia de data 25 de febreiro de 2021, de inicio do expediente de contratación, propoñendo o procedemento aberto simplificado, de conformidade co establecido no artigo 159.1 da LCSP.

Consta informe emitido pola secretaria e o interventor municipais con data de 28 de febreiro de 2021 propoñendo a apertura do procedemento de licitación.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor alcalde mediante Resolución de Alcaldía núm. 1323/2019, do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da

Xunta de Goberno Local, efectuada mediante Resolución da Alcaldía núm. 1324/2019, do 1 de xullo, a medio da presente providencia, **RESOLVO**:

Primeiro: Declarar motivada no expediente a necesidade do contrato ao tratarse dunha prestación coa que se pretende construír unhas gradas cubertas e uns vestiarios nunha única edificación, nunha parcela anexa ao campo de fútbol dos Pinares, na parroquia de Brexo, en Cambre, co fin de que o graderío constitúa un complemento ás actividades que se realizan no campo de fútbol, prestando servizo aos deportistas e ao público que acoda aos actos deportivos, polo que o Concello está a cumprir coas competencias que ten atribuídas de conformidade co establecido no artigo 25.2, apartados d) e l), da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, (“o municipio exercerá, en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias: “d) ... outros equipamentos da súa titularidade ; l) Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”), sendo ademais un servizo mínimo obrigatorio para os concellos de máis de 20.000 habitantes consonte ao artigo 26.1.c) da mesma Lei, quedando acreditada a natureza e extensión das necesidades que se pretenden cubrir, idoneidade do obxecto e contido para satisfacelas, segundo se deriva da documentación e proxecto obrante no expediente, todo isto de conformidade co establecido no artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP).

Segundo: Declarar o expediente de contratación ordinario e, de conformidade co artigo 117.1 da LCSP, aprobar o contido íntegro do expediente de contratación núm. 2020/C003/000008, por procedemento aberto simplificado, (con pluralidade de criterios de adxudicación, con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática) , correspondente a:

- Obxecto do contrato: “Proxecto básico e de execución de gradas cubertas e vestiarios para o campo de fútbol de Brexo, no lugar de Pousadoira 14, Cambre. Agosto 2020”, obra incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 1/2019 por maior achega provincial, (2ª Fase), da Deputación Provincial da Coruña
- Orzamento base de 657.218,29 euros, IVE incluído licitación:
- Valor estimado: 597.471,17 euros
- Prazo de execución (fixado 9 meses no proxecto):

isto a teor do establecido nos artigos 131.2, 145.1 e 159.1 da LCSP.

Terceiro: De conformidade co establecido na Base Sétima das reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2019” da Deputación Provincial da Coruña, publicadas no BOP nº 188 do 02/10/2018, declarar de aplicación á presente contratación o prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación mediante procedemento aberto simplificado (con pluralidade de criterios de adxudicación, con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática) das obras comprendidas nos plans provinciais e outras obras provinciais, aprobado polo Pleno da Corporación Provincial en sesión do 27 de novembro de 2020, publicados no BOP núm. 207, do 3 de decembro de 2020 (versión castelán), ao que se achegan os Anexos I a IX,

cubertos coas características propias deste contrato, e con suxeición á descrición técnica e pregos de prescricións técnicas obrante no expediente.

Cuarto: Aprobar o gasto, por importe de 657.218,29 €, IVE incluído, por conta da aplicación orzamentaria 342.62200.

Quinto: Tendo en conta o establecido na Disposición Adicional Segunda, punto 7, da LCSP, e o informe emitido pola Secretaria Xeral de data 29 de outubro de 2019 en relación coa designación, composición, número de membros e limitacións na designación de membros da mesa de contratación, no presente expediente, a mesa de contratación estará composta por:

Presidenta: A Sra. concelleira delegada de Economía, Facenda e Recursos Humanos dona María Pan Lesta e, como suplente, o Sr. Concelleiro de Urbanismo e Obras, don Juan González Leirós .

Vogais: A secretaria xeral da Corporación dona María Luisa de la Red Ampudia e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente a substitúa.

O interventor municipal don Francisco Javier Ulloa Arias e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente o substitúa.

A técnica de xestión de Administración xeral adscrita a Secretaría, responsable de Contratación, dona María Fernanda Montero Carré e, como suplente, o técnico de administración xeral adscrito á área de urbanismo, don Fernando M. Garrido Negreira.

A arquitecta técnica municipal, dona Susana Bahamonde López, e como suplente o enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal- xefe da Sección de Servizos don Óscar Souto Muiño.

Secretaria: A auxiliar administrativa adscrita ao Departamento de Secretaría dona M^a Juncal Capín Fonseca e, como suplente, a técnica de xestión de Administración xeral adscrita a Secretaría, dona Verónica María Otero López.

Sexto: De conformidade co establecido no art. 103 da LCSP, e cláusula 4.1 do prego de cláusulas administrativas particulares, non procederá en ningún caso a revisión periódica e predeterminada dos prezos do presente contrato e polo tanto non se aplicará fórmula ningunha de revisión.

Sétimo: Publicar o correspondente anuncio de licitación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, integrado na Plataforma de Contratación del Sector Público do Estado, de conformidade co establecido nos artigos 63 e 135 da LCSP, con publicación dos documentos do expediente que conteñen a información a que se refire o artigo 63.3 da citada lei.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

C) Proposta de adjudicación do servizo de “Mediación e distribución entre os medios de comunicación social de campañas institucionais, publicitarias e de comunicación do Concello de Cambre”, a prol do licitador Reclam Publicidad, Marketing y Artes Gráficas,

SAU., cun orzamento máximo de 39.908,44 euros (IVE incluído). Expte: 2020/C004/000013

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 1 de marzo de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto o expediente de contratación incoado co nº 2020/C004/000013 para a adxudicación, por procedemento aberto simplificado, cun único criterio de adxudicación, factor prezo, do servizo de *“Mediación e distribución entre os medios de comunicación social de campañas institucionais, publicitarias e de comunicación do Concello de Cambre”*, cun orzamento base de licitación de 32.982,20 € sen IVE, 39.908,44 € IVE incluído.

Vista a valoración dos criterios contemplados na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares que constan na acta da mesa de contratación de data 18 de xaneiro de 2021 respecto das ofertas presentadas no presente procedemento, así como a proposta de adxudicación formulada coa mesma data pola Mesa de contratación, e posteriormente ratificada con data 5 de febreiro de 2021, a prol do licitador “Reclam Publicidad, Marketing y Artes Gráficas, SAU”, nos prezos unitarios ofertados por dito licitador, por ser a entidade que obtén unha maior puntuación en aplicación dos criterios de valoración que constan na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares, e unha vez xustificada suficientemente a súa oferta inicialmente incurso en presunción de ser anormalmente baixa, segundo consta no informe do Xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior emitido con data 4/02/2021, aprobado pola mesa de contratación de data 5 de febreiro de 2021.

Visto que, outorgado ao licitador proposto como adxudicatario o prazo de sete días hábiles para que presentase a documentación contemplada na cláusula 17 do prego de cláusulas administrativas particulares, isto de conformidade co establecido no artigo 159.4 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23 UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014, este achegou en prazo toda a documentación requirida, acreditando a súa solvencia económica e técnica.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral coa conformidade da secretaria xeral da Corporación, de data 22 de febreiro de 2021, que contén a proposta de acordos a adoptar, e mailo informe de fiscalización número 50/2021 emitido polo interventor municipal con data do 1 de marzo de 2021.

Á vista do establecido na cláusula 17 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen no presente expediente, e de conformidade co disposto nos artigos 150 e 159 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público,

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: De conformidade cos acordos adoptados pola Mesa de Contratación con data do 18 de xaneiro de 2021 declarar válida a licitación, admitindo nela as proposicións presentadas polos licitadores que a continuación se relacionan, por cumprir as condicións e requisitos establecidos na

cláusula 13 do PCAP ao ter aportado debidamente cuberta a Declaración responsable segundo o modelo do Anexo II, así como o modelo de proposición segundo o modelo de Anexo III.A:

- Galicia Media, S.L.U.
- Reclam Publicidad, Marketing y Artes Gráficas, S.A.
- Siete Olas Comunicación, S.L.U.

Segundo: De conformidade cos acordos adoptados pola Mesa de Contratación con data do 18 de xaneiro de 2021, excluír do procedemento de licitación a oferta presentada pola entidade "ERP Publicidad S.L.", por exceder do prezo de licitación unitario establecido no Prego de cláusulas administrativas Particulares e Prescripcións Técnicas, no apartado correspondente á publicidade institucional en radio con cuñas, en concreto na partida correspondente á emisora "Onda Cero", onde se parte dun prezo de licitación de 13,92 euros sen IVE, sendo o importe ofertado pola empresa "ERP Publicidad S.L." de 16,50 euros sen IVE (19,96 euros IVE incluído). Por tanto, resulta de aplicación o establecido no art. 139.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, así como na cláusula 12.c) do Prego de cláusulas administrativas particulares, en virtude do cal "*Ningún dos prezos unitarios que realicen as entidades licitadoras poderán ser superiores aos establecidos no Prego de Prescripcións Técnicas, e os licitadores deberán presentar oferta á totalidade das prestacións. O incumprimento de estes límites suporá a exclusión da oferta.*".

Terceiro: Aprobar, segundo acordo da Mesa de Contratación do 18 de xaneiro de 2021, a seguinte puntuación correspondente aos criterios de adxudicación que constan na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares, así como o cálculo para a determinación das ofertas anormalmente baixas, que queda establecido, (en aplicación da cláusula 16.3.2 do Prego de cláusulas administrativas Particulares), nas inferiores a 4.564,29 euros sen IVE :

Licitador	Publicidad en prensa escrita (50 puntos)	Microespacios en radio (30 puntos)	Cuñas publicidad en radio (20 puntos)	PUNTUACIÓN TOTAL
Galicia Media, S.L.U.	39,13	17,66	7,74	64,53
Reclam Publicidad, Marketing y Artes Gráficas, S.A.U.	50,00	30,00	20,00	100
Siete Olas Comunicación, S.L.U.	43,07	22,96	11,55	77,58

Cuarto: Aprobar, de conformidade cos apartados anteriores do presente acordo, a seguinte orde decrecente de clasificación obtida polas empresas licitadoras, en función das ofertas presentadas, e tendo en conta os criterios de adxudicación que constan na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares:

Orde de clasificación	Licitador	Puntuación	Baixa temeraria
1º	Reclam Publicidad, Marketing y Artes Gráficas, SAU	100,00	Sí
2º	Siete Olas Comunicación, SLU	77,58	Non

3º	Galicia Media, SLU	64,53	Non
----	--------------------	-------	-----

Quinto: De conformidade co acordo adoptado pola Mesa de Contratación con data do 5 de febreiro de 2021, tendo en conta o informe emitido polo xefe dá Área de Urbanismo e Réxime Interior con data do 4 de febreiro de 2021, declarar que a empresa “Reclam Publicidad, Marketing y Artes Gráficas, S.A.” xustificou suficientemente a súa oferta inicialmente incursa en presunción de resultar anormalmente baixa, tendo en conta que achegou a documentación suficiente de conformidade co establecido na Cláusula 16.3.4 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares aplicable ao contrato, e artigo 149.4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, esto tendo en conta que :

- En relación aos prezos ofertados nos diferentes anuncios e servizos dos que consta o presente contrato, razoa e xustifica os prezos en base a unha matriz de cálculo nos que expón a diferenza entre o importe dos prezos negociados cos medios pola empresa para este servizo e a oferta realizada, expoñendo as marxes de beneficio (en euros) para cada un dos anuncios e servizos.

- Acompaña declaracións de provedores dos servizos ofertados cunhas condicións favorables que lle permiten executar o servizo obxecto do contrato

- En relación aos medios persoais propios que dispón o licitador para a prestación do contrato, manifestan contar cunha equipa humana composta por 22 persoas, das que 18 contan con contrato fixo. De xeito que as persoas destinadas ao presente contrato xa están asumidos e consolidados dentro da estrutura da empresa e non supoñen ningún custo adicional que se teña que asumir.

- No que se refire á xustificación da solvencia, Reclam Publicidad, Marketing y Artes Gráficas, SL presenta a clasificación empresarial para contratos coa Administración Pública que xustifica a aptitude desta empresa, tanto técnica como financeira, para concorrer a licitacións sen límite de importe.

Sexto: De conformidade co acordo adoptado pola Mesa de Contratación o 18 de xaneiro de 2021, posteriormente ratificado con data do 5 de febreiro seguinte, adjudicar a contratación do servizo de “Mediación e distribución entre os medios de comunicación social de campañas institucionais, publicitarias e de comunicación do Concello de Cambre”, cun orzamento máximo para unha duración de 1 ano de contrato de 39.908,44 euros (IVE incluído), con posibilidade de prórroga anual sucesiva por outros dous anos máis, a prol do licitador “Reclam Publicidad, Marketing y Artes Gráficas, SAU”, con NIF A150***** e enderezo en Durán Loriga 2, 15003 A Coruña, nos prezos unitarios ofertados por dito licitador que se relacionan a continuación, por ser a entidade que obtén unha maior puntuación en aplicación dos criterios de valoración que constan na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares, ter xustificado suficientemente a súa oferta inicialmente incursa en presunción de ser anormalmente baixa, e ter presentado no prazo outorgado a documentación requirida na cláusula 17 do prego de cláusulas administrativas particulares e artigo 159.4 da Lei 9/2017 de contratos do sector público:

a) Prezos unitarios na publicidade institucional en prensa escrita



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

PRENSA	Tamaño	Precio Unitario (Gastos y Beneficio incluidos) sin IVA	Precio Ofertado (Gastos y Beneficio incluidos)	IVA (21%)	Precio Total ofertado (precio + IVA)
La Voz de Galicia Coruña	5x2 (10 módulos lunes a sábado anuncios no oficiales)	452,40 €	406,85	85,44	492,29
La Voz de Galicia Coruña	5x2 (10 módulos domingos y festivos anuncio no oficial)	585,80 €	525,30	110,31	635,61
La Voz de Galicia Coruña	2x2 (4 módulos lunes a sábado anuncio oficial)	556,80 €	350,20	73,54	423,74
La Voz de Galicia Coruña	2x2 (4 módulos domingos y festivos anuncio oficial)	649,60 €	432,60	90,85	523,45
La Opinión	5x2 (10 módulos color lunes a sábado)	361,92 €	107,12	22,50	129,62
La Opinión	5x2 (10 módulos color domingos y festivos)	398,11 €	107,12	22,50	129,62
La Opinión	2x2 (4 módulos color lunes a sábado oficial)	310,65 €	160,68	33,74	194,42
La Opinión	2x2 (4 módulos color domingos y festivos oficial)	392,08 €	135,96	28,55	164,51
El Ideal Gallego	5x2 (10 módulos lunes a sábado página par color)	176,32 €	156,56	32,88	189,44
El Ideal Gallego	5x2 (10 módulos lunes a sábado página impar color)	220,40 €	156,56	32,88	189,44
El Ideal Gallego	5x2 (10 módulos domingos y festivos página par color)	211,12 €	187,46	39,37	226,83
El Ideal Gallego	5x2 (10 módulos domingos y festivos página impar color)	266,80 €	187,46	39,37	226,83
El Ideal Gallego	2x2 (4 módulos lunes a sábado página impar)	287,68 €	255,44	53,64	309,08
El Ideal Gallego	2x2 (4 módulos domingos y festivos página impar)	344,520 €	304,88	64,02	368,90
Publicidad institucional en prensa escrita		Precio total ofertado (suma de todos los conceptos)		IVA (21%)	TOTAL (Total ofertado + IVA)
		3.474,19 €		729,58 €	4.203,77 €

b) Prezos unitarios na publicidade institucional en radio con microespazos

PRENSA	Días de emisión	Precio Unitario (Gastos y Beneficio incluidos) sin IVA	Precio Ofertado (Gastos y Beneficio incluidos)	IVA (21%)	Precio Total ofertado (precio + IVA)
Radio Galega	Lunes a viernes	754,00 €	200,85	42,18	243,03
Radio Coruña Cadena SER	Lunes a viernes	416,56 €	369,87	77,67	447,54
Cadena COPE Coruña	Lunes a viernes	278,40 €	97,90	20,56	118,46
Onda Cero	Lunes a viernes	119,48 €	82,40	17,30	99,70
Radiovoz Coruña	Lunes a viernes	98,60 €	87,55	18,39	105,94



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Publicidad institucional en radio con microespacios	Precio total ofertado (suma de todos los conceptos)	IVA (21%)	TOTAL (Total ofertado + IVA)
	838,57 €	176,10 €	1.014,67 €

c) Prezos unitarios na publicidade institucional en radio con cuñas.

RADIO	Duración de la cuña	Precio Unitario (Gastos y Beneficio incluidos) sin IVA	Precio Ofertado (Gastos y Beneficio incluidos)	IVA (21%)	Precio Total ofertado (precio + IVA)
Radio Galega	20 segundos	223,88 €	46,35	9,73	56,08
Radio Coruña Cadena SER	20 segundos	46,28 €	41,10	8,63	49,73
Cadena COPE Coruña	20 segundos	102,08 €	16,50	3,47	19,97
Onda Zero	20 segundos	13,92 €	13,00	2,73	15,73
Radiovoz Coruña	20 segundos	8,12 €	7,21	1,51	8,72
Publicidad institucional en radio con cuñas	Precio total ofertado (suma de todos los conceptos)		IVA (21%)	TOTAL (Total ofertado + IVA)	
	124,16 €		26,07 €	150,23 €	

De conformidade co establecido no artigo 155.2.c) da LCSP e máis na cláusula 17.3 do Prego de cláusulas administrativas particulares, faise constar que as vantaxas da oferta proposta como adxudataria atópanse nos prezos ofertados.

Sétimo: Proceder á formalización do contrato en documento administrativo non máis tarde dos quince días hábiles seguintes a aquel no que se reciba a notificación da adxudicación, de conformidade co sinalado na cláusula 18 do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do expediente contractual, procedendo seguidamente á publicación da formalización do contrato, xunto co correspondente contrato, no Perfil de Contratante do Concello de Cambre-Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado, isto de conformidade co disposto no artigo 154 da Lei dos contratos do sector público.

De conformidade coa cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares, o adxudicatario, antes da sinatura do contrato, presentará unha copia dun Seguro de Responsabilidade Civil para facer fronte aos danos a terceiros das responsabilidades inherentes ao obxecto do contrato, coas coberturas e contías mínimas establecidas na citada cláusula.

Oitavo: De conformidade coa cláusula 19.1 do prego de cláusulas administrativas particulares e máis co art. 62 da LCSP, o órgano de contratación designará un responsale do contrato, a quen corresponderá o labor de supervisar a execución do contrato, adoptar as decisións e dictar as instrucións necesarias, co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

De conformidade coa cláusula 19.3 do PCAP e co punto 5 do prego de prescripcións técnicas, antes de iniciarse a execución do contrato, o contratista adxudicatario deberá comunicar ao órgano de contratación, mediante escrito presentado a través da sede electrónica e dirixido ao departamento de contratación, a designación da persoa que estará en permanente contacto co Gabinete de Comunicación municipal e co responsable do contrato, o cal será responsable da resolución das incidencias que puideran surxir no funcionamento do servizo.

Noveno: Notificar os presentes acordos aos licitadores presentados e publicar no prazo de quince días a adxudicación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, incluído na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado (<https://contrataciondelestado.es>), de conformidade co establecido no artigo 151.1 da Lei de Contratos do Sector Público e cláusula 16.4 do prego de cláusulas administrativas particulares reguladoras do expediente de contratación, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Décimo: Notifíquese ao responsable do contrato que se designe e máis á Intervención Municipal, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

D) Proposta de devolución da garantía definitiva á empresa *Iniciativas Deportivas y de Ocio Cambre, A.I.E.* adxudicataria do servizo de *Actividades físicas para a saúde en centros deportivos privados, promovidas polo Departamento de Deportes do Concello de Cambre. Expediente 2015/C004/000012*

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 1 de marzo de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

"Visto que con data 29 de abril de 2016, asinouse o contrato entre o Concello de Cambre e a entidade *Iniciativas Deportivas y de Ocio Cambre, A.I.E.* para o servizo de "*Actividades físicas para a saúde en centros deportivos privados, promovidas polo Departamento de Deportes do Concello de Cambre*", Expediente 2015/C004/000012.

Visto que no antedito expediente depositouse na Tesourería municipal, con data 17/03/2016, unha garantía en metálico por importe de 5.811,56 euros e núm. de rexistro 643, para garantir a execución do contrato.

Visto que venceu o prazo de garantía aplicable desde a finalización do contrato, e cumprido satisfactoriamente o contrato sen que, por outra banda, o Concello fixese ningunha obxeción ou reparo, isto segundo informe favorable emitido polo coordinador de actividades culturais e educativas, con data do 25 de novembro de 2020.

Visto o informe de fiscalización favorable emitido pola Intervención Municipal con data do 25 de febreiro de 2021.

A teor do establecido nos arts. 102.2, 222.3 e 307 do Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, e da Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2017 de contratos do sector público.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Devolver a garantía definitiva depositada pola entidade "*Iniciativas Deportivas y de Ocio Cambre, A.I.E.*", con CIF *1574**** e enderezo na Rúa Constitución, nº 8, 15679, O Temple, Cambre, (A Coruña), no expediente número 2015/C004/000012, para o servizo de "*Actividades físicas para a saúde en centros deportivos privados, promovidas polo Departamento de Deportes do Concello de Cambre*"

Segundo: Notifíquese ao interesado, facéndolle saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Terceiro: Notificar o presente acordo aos Departamentos de Intervención e Tesourería municipal, para os efectos oportunos."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E) Proposta de devolución da garantía definitiva á empresa *Instalaciones Eléctricas Coruñasas, S.L. (INSTELEC)*. adxudataria do "*Servizo de mantemento de instalacións de iluminación municipal e dos centros dependentes do concello de Cambre*". Expediente 2008/7-4 (2020/X999/000740)

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 1 de marzo de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto que con data 26 de xaneiro de 2009, asinouse o contrato entre o Concello de Cambre e a entidade *Instalaciones Eléctricas Coruñesas, S.L. (INSTELEC)* para o “*Servizo de mantemento de instalacións de iluminación municipal e dos centros dependentes do concello de Cambre*”

Visto que no antedito expediente a empresa adxudicataria depositou:

Garantía definitiva prestada mediante aval bancario pola entidade LA CAIXA, número 9340.03.0963738-07, depositado na tesourería municipal con data 30/12/2008 por importe de 36.912,92 euros, con núm. de rexistro 323.

Garantía definitiva ampliación de contrato prestada mediante aval bancario pola entidade LA CAIXA, número 9340.03.1035790-15, depositado na tesourería municipal con data 24/11/2009 por importe de 125,63 euros, con núm. de rexistro 400. (modificación formalizada con data 24/11/2009)

Garantía definitiva ampliación de contrato prestada mediante aval bancario pola entidade LA CAIXA, número 9340.03.1080935-89 depositado na tesourería municipal con data 06/07/2010 por importe de 135,12 euros, con núm. de rexistro 463. (modificación formalizada con data 07/07/2010)

Visto que venceu o prazo de garantía aplicable desde a finalización do contrato, e cumprido satisfactoriamente o contrato sen que, por outra banda, o Concello fixese ningunha obxeción ou reparo, isto segundo informe favorable emitido polo Enxeñeiro Técnico Industrial Municipal, don Ignacio Fernández Díaz coa conformidade do Enxeñeiro de Camiños Municipal Xefe da sección de Obras e Servizos don Óscar Souto Muiño, con data do 01 de marzo de 2020.

Visto o informe de fiscalización favorable emitido pola Intervención Municipal con data do 01 de marzo de 2020

A teor do establecido no art. 90 da Lei 30/2007 de 30 de outubro de Contratos do Sector Público e da Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2017 LCSP.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Devolver as garantías definitivas depositadas pola entidade “*Instalaciones Eléctricas Coruñesas, S.L. (INSTELEC)*”, con CIF B1502... e enderezo na Rúa Hermita nº34, 15008, A Coruña, no expediente número 2008/7-4 (2020/X999/000740), para o “*Servizo de mantemento de instalacións de iluminación municipal e dos centros dependentes do concello de Cambre*”

Segundo: Notifíquese ao interesado, facéndolle saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Terceiro: Notificar o presente acordo aos Departamentos de Intervención e Tesourería municipal, para os efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as nove horas e trinta minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria

Maria Luisa de la Red Ampudia